




XEORUTA DE SANTA COMBA - PONZOS



ESTADÍSTICAS DE LA RUTA

Distancia: 16,24 km

Desnivel positivo: 545 m

Dificultad técnica. Fácil

Desnivel negativo: 545 m

Altitud máxima: 199 m

Tipo de ruta: Circular

Este paseo pola costa ferrolá permite contemplar numerosos puntos con gran interese xeolóxico, entre os que destacan distintas intrusións de rocas subvolcánicas, é dicir, que se arrefriaron a poucos quilómetros da superficie terrestre.



Na praia de Ponzos atopamos evidencias de que o nivel de mar non sempre foi o mesmo, tal e como pon de manifesto a presenza de antigas turberas na praia actual (nivel do mar máis baixo) ou superficies de abrasión en zonas continentais (nivel do mar máis alto).

As turberas forman parte dun antigo bosque con 5.600 anos. Naquela época, este terreo estaba ocupado por un bosque, xa que por aquel entón o nivel do mar situábase 5 metros por baixo do actual. O que hoxe é praia, hai séculos era bosque. O mar destapou este bosque fósil, pero foi a mesma acción do mar a que días despois volveu ocultalo. Segundo os seus estudos, trátase dun conxunto de troncos de apreciables dimensións, sobre un sedimento turboso. Foi considerado un dos mellores vestixios localizados na península..

Pero neste areal descubrimos tamén que moitos dos seus grans de area son escuros ou negros, coñecidos como minerais pesados.



Na parte superior da mina subterránea aínda da Praia se pode contemplar unha impresionante explotación aurífera romana de case 25.000 metros cadrados.

Cara ao seu extremo norte observamos o contacto entre dous tipos de rocas, ortogneises e lousas, onde en ocasións desenvólvese unha mineralización de ouro, que foi parcialmente explotada nas inmediacións deste praia.

